

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E SETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dna. Raquel Caruncho Corral.

Dna. Marta Pico Machado

(abandona a sesión ás 15:16h, durante o punto de rogos e preguntas)

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

(abandona a sesión ás 13:53, durante a lectura do texto da moción obxecto do punto 3 da orde do día)

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

(abandona a sesión ás 14:25, durante o punto de rogos e preguntas)

Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventora:

Dna. Silvia Lamelas Soto

(abandona a sesión durante o punto de rogos e preguntas)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as trece horas e nove minutos do día vinte e sete de outubro de dous mil dezaseis, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e Interventora Municipais.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose, a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. -SESIÓN ORDINARIA DE 26/09/2016

Recibidas polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á ordinaria de 26.09.2016, o Sr. Presidente pregunta se algún/ha membro ten que formular observacións á acta da sesión anterior.

Non habendo intervencións, sométese a acta a votación resultando adoptado **por UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aproba os borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 26.09.2016.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro



2.- ADDENDA PARA MODIFICACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE DA XUNTA E A FEGAMP EN MATERIA DE RESIDUOS DE APARATOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

**"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO
SESIÓN: ORDINARIA DE DATA 21 DE OUTUBRO DE 2016
EXPDTE: 2016/G012/000001
Sesión nº:11/2015-2019.**

2.- ADDENDA PARA MODIFICACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE DA XUNTA E A FEGAMP EN MATERIA DE RESIDUOS DE APARATOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA Á COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO.

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria de 28/04/2016 acordou, por unanimidade dos membros presentes, a adhesión do Concello de Pontedeume ao "convenio marco de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a través da consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de xestión de residuos e aparellos eléctricos e electrónicos". O pasado 6 de setembro de 2016, a administración autonómica e a FEGAMP asinaban unha addenda ao convenio para realizar accións formativas de mellora nos puntos limpos coas seguintes finalidades, entre outras:

- Ampliar o obxecto do convenio, de xeito que atendendo ás particularidades dos puntos limpos, se subministre o equipamento, que destinado á recollida e clasificación de Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos (RAEE), mellor se adapte ás necesidades do punto limpo de que se trate.

- Ampliar a dotación orzamentaria e reaxustar a anualidade de 2016.

Tendo en conta a proposta da Addenda remitida pola Secretaria Xeral de calidade e avaliación ambiental de data 4 de outubro de 2016 (RE nº 6849)

Visto o Informe Xurídico emitido ao efecto en data 18/10/2016.

Esta Alcaldía-Presidencia formula á Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE DITAME:**

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Pontedeume ao Convenio Marco modificado pola addenda de 6 de setembro conforme ao modelo de adhesión.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir calquera dos trámites e sinatura de convenio necesarios para a formalización efectiva do acordo que se adopta.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo á Secretaría Xeral de Calidade Ambiental e á FEGAMP.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Asinado dixitalmente polo Alcalde Don Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume a 18 de outubro de 2016."

Non habendo intervencións e sometido o asunto a votación, queda **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **5 votos a favor** dos/as membros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (4): D. Pedro Amado Sanmartín, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Raquel Caruncho Corral, e da concelleira do BNG-AA: Dna. Ana Veira García; e **2 abstencións** dos integrantes do Grupo Municipal do PP (2): Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte."

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Intervén e primeiro lugar o portavoz do Grupo Municipal do PSOE e concelleiro delegado de Formación, Réxime Interno e Emprego, D. José Simoes Couceiro, para explicar que o convenio obxecto da proposta de adhesión suporá a modificación e reestruturación do punto limpo para a recollida e electrodomésticos. Indica que é a Xunta quen evaluará e xestionará as actuacións necesarias, sen custe para o Concello.

Toma a palabra o portavoz do PP, D. Francisco Javier Crespo Romeo que anuncia o voto favorable do seu grupo a esta addenda, ao igual que no Pleno de adhesión ao convenio, que xustifica en que se van a realizar unhas actuacións importantes (subministro, equipamento, dotación orzamentaria...), necesarias para actuar nun tema de interese: a reciclaxe e tratamento de residuos.

Dña. Ana Veira, portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, indica que o seu grupo votará a favor da proposta, unha vez que o Sr. Simoes aclarou, logo das dúbidas xurdidas na Comisión Informativa, que as actuacións non van ter custo para o Concello.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando adoptado **por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Ponte deume ao Convenio Marco modificado pola addenda de 6 de setembro conforme ao modelo de adhesión.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir calquera dos trámites e sinatura de convenio necesarios para a formalización efectiva do acordo que se adopta.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo á Secretaría Xeral de Calidade Ambiental e á FEGAMP.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O Alcalde propón a inclusión dos asuntos seguintes na orde do día:

- MODIFICACIÓN BASE 70 DO ORZAMENTO MUNICIPAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DE ACORDO

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA:

O Concello de Ponte deume, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do Réxime Local ten competencia para promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, entre elas, as que se destinan o fomento e promoción da cultura nas súas diversas manifestacións así como as de tempo de lecer, ocio, servizos sociais e comunitarios.

As Entidades Locais poden concertar contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios o interese público, ao ordenamento xurídico e a os principios da boa administración.

O Concello de Ponte deume, querendo promover e fomentar a dinamización das parroquias do Concello , considera que a forma máis axeitada de facelo e a través das entidades veciñais,



culturais, educativas e deportivas, sen fin de lucro, do Concello que impulsan este tipo de actividades.

Por iso, o Concello de Pontedeume conta cunha serie de subvencions nominativas reguladas na base nº 70 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2016.

Na base 70 se contemplan dúas subvencions nominativas:

Retumbatuke: 1.000,00€

Arjé Teatro: 1.000,00€

Estas dúas asociacións, nas súas tarxetas de identificación fiscal teñen outro "nome", co que, caso de firmarse os correspondentes convenios de colaboración, non coincidiría co beneficiario que aparece nas bases de execución do orzamento para o ano 2016.

Así mesmo, advertiuse un erro na previsión de concesión da subvención nominativa a favor da Comisión de Festas de Nogueirosa xa que este Concello tiña previsto outorgar unha subvención por importe de

2.100,00€ en vez dos 1.000,00 que atopanse na base 70ª.

E por iso polo que propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- APROBAR inicialmente a modificación da base número 70 das Bases de Execución do Orzamento 2016, no senso de fixar as seguintes subvencións nominativas:

- a que aparece a nome da "Retumbatuke" pasa a ser a favor de ASOCIACIÓN CULTURAL OS FENOMENOS DO EUME: 1.000,00€

- a que aparece a nome de "Arjé Teatro" pasa a ser a favor de ASOCIACIÓN RIO EUME: 1.000,00€

- a que aparece a nome da Comisión de Festas de Nogueirosa que pasa de 1.000,00€ a 2.100,00€

SEGUNDO.- Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións, conforme determina o artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Asinado dixitalmente en Pontedeume a 24 de outubro de 2016, polo Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro".

O Sr. Presidente abre unha quenda de intervencións.

Toma a palabra Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira delegada de Comercio, Turismo e Cultura, para explicar que se trata de, primeiro: rectificar a denominación das destinatarias que consta nas ditas bases, xa que o correcto sería o nome da entidade e non o "nome artístico", evitando así problemas para coa xustificación, e segundo: compensar á Comisión de Festas de Nogueirosa pola perda dunha subvención por causas que considera imputables ao concello, xa que se lles avisou "tarde" para que presentaran unha documentación, e quedarase de compensar a dita perda.

Intervén D. Francisco Javier Crespo Romeo. O portavoz do Grupo Municipal do PP, considera que a compensación a esta última entidade podería ser un agravio comparativo para con outras, e pide que se teña en conta nun futuro se se deran casos similares.

Dna. Ana Veira García pregunta pola contía outorgada á comisión de festas.

Dna. Yolanda Vázquez Busto aclara que os importes se corresponden cos 1100 euros que lle corresponderían neste 2016 e 1000 do ano 2015. Indica que no vindeiro orzamento, a situación normalizarase.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Concluídas as intervencións, sométese a votación a ratificación da urxencia e a inclusión do asunto na orde do día, quedando **RATIFICADA A URXENCIA** e a **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes.

De seguido, sométese a proposta a votación, resultando **ADOPTADO por MAIORÍA de 9 votos a favor** dos/as integrantes do Grupo Municipal do PSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín., Dna. Raquel Caruncho Corral., Dna. Marta Pico Machado, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Silvia Fornos Permuy; e do BNG-AA (2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire; e **4 abstencións**, das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela., Dna. Ascensión de Vicente Olarte, e D. Andrés Pérez Pérez. o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- APROBAR inicialmente a modificación da base número 70 das Bases de Execución do Orzamento 2016, no senso de fixar as seguintes subvencións nominativas:

- a que aparece a nome da "Retumbatuke" pasa a ser a favor de ASOCIACIÓN CULTURAL OS FENOMENOS DO EUME: 1.000,00€
- a que aparece a nome de "Arjé Teatro" pasa a ser a favor de ASOCIACIÓN RIO EUME: 1.000,00€
- a que aparece a nome da Comisión de Festas de Nogueirosa que pasa de 1.000,00€ a 2.100,00€

SEGUNDO.- Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións, conforme determina o artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado.

FÓRA DA ORDE DO DÍA.

CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE SERVIZOS SOCIAIS, EDUCACIÓN, DEPORTES, COMERCIO, TURISMO E CULTURA E XUVENTUDE, PARQUES E XARDÍNS.

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA 27 DE OUTUBRO DE 2016

EXPDTE: 2016/G012/000002

Sesión nº:4/2015-2019.

2. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR (SAF) DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA).



Visto o Acordo do Pleno de data 31.05.2016, polo que se acordou aprobar o expediente de contratación, suxeito a regulación harmonizada, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o servizo de axuda no fogar de dependencia convocando a súa licitación, determinando a forma de xestión indirecta do servizo na súa modalidade de axuda a domicilio para persoas dependentes conforme ao Decreto 15/2010 de 4 de febreiro, mantendo a forma de xestión directa para a axuda no fogar dos usuarios de libre concorrência, sen recoñecemento de grao de dependencia; a autorización do gasto, a aprobación dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de servizos de axuda no fogar de dependencia suxeito a regulación harmonizada, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e a publicación no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado, no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Perfil de contratante municipal o anuncio de licitación, para que durante o prazo de 40 días os interesados puideran chegar as proposicións que estimaran pertinentes.

Visto o Recurso especial en materia de contratación presentado pola Asociación Estatal de Entidades de Servicios de Atención a Domicilio (ASADE) con data de rexistro de entrada 07.07.2016 (nº rexistro 4797), así como a tramitación do mesmo conforme establece a lexislación de contratos do sector público.

Visto que emítese con data 16 de setembro de 2016, Resolución nº 707/2016 do Tribunal administrativo central de recursos contractuais na que se desestima o recurso interposto por D. José María Hernández De Andrés en representación da Asociación Estatal de Entidades de Servicios de Atención a Domicilio (ASADE), contra a convocatoria de licitación pública para a contratación do servizo de axuda no fogar do concello de Pontedeume e os pregos que rexerán a contratación.

Vista a Acta 3ª da meritada Mesa de contratación celebrada en data 22.09.2016, na que se propón atendendo ao establecido na Cláusula 16 do PCAP, a desestimación da proposta da Fundación Einsa, por exceder do presuposto base de licitación establecido no prego regulador da contratación, e asignar 60 puntos á proposición económica presentada pola mercantil "Tu mayor amigo SL" ao tratarse da oferta económica cuxo prezo hora é o máis baixo resulta a seguinte puntuación total:

ENTIDADE	PUNTUACIÓN P. ECA	PUNTUACIÓN MELLORAS	PUNTUACIÓN N PROXECTO	TOTAL PUNTUACIÓN
TU MAYOR AMIGO S.L.	60 puntos	10.26 puntos	9.10 puntos	79.36 puntos
FUNDACIÓN EINSA	Desestimada	12.52 puntos	10.05 puntos	DESESTIMADA

Visto que por medio do acordo do pleno da corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26/09/2016 acordan entre outros:

"...//...SEGUNDO.- Seleccionar á empresa "Tu Mayor Amigo S.L.." como a autora da proposición máis vantaxosa para a Corporación no contrato de servizos de axuda no fogar de dependencia do concello de Pontedeume, de acordo co seguinte orde de clasificación de ofertas segundo o recollido na acta da mesa de contratación de data 22.09.2016:

ENTIDADE	PUNTUACIÓN P. ECA	PUNTUACIÓN MELLORAS	PUNTUACIÓN N PROXECTO	TOTAL PUNTUACIÓN
TU MAYOR AMIGO S.L.	60 puntos	10.26 puntos	9.10 puntos	79.36 puntos
FUNDACIÓN EINSA	Desestimada	12.52 puntos	10.05 puntos	DESESTIMADA

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO.- Aprobar a proposta de adxudicación da contratación á empresa “Tu Mayor Amigo S.L.” nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, e prescricións técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta, que contén entre outros:

- Tu Mayor Amigo S.L.

Oferta económica

De luns a sábados	10,97 € por hora de servizo sen ive engadido
Domingos e festivos	13,00 € por hora de servizo sen ive engadido

Proxecto técnico e melloras segundo proposta que obra no expediente.

CUARTO.- Requirir a “Tu Mayor Amigo S.L.” segundo o establecido nos artigos 146.1 e 151.2 do RDL 3/2011 do 14 de novembro, e cláusula 14ª do Prego de cláusulas administrativas para que no prazo de **10 DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento presente a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos que foron substituídos por declaración responsable do licitador)

- A xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda do Estado, A Comunidade Autónoma e a Local e coa Seguridade Social.

- A xustificativa de dispor dos medios que se comprometeu a adscribir á execución da obra conforme ao artigo 64.2 LCSP.

- A acreditativa de ter constituída a garantía definitiva (5 % do importe de adxudicación IVE excluído).

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose polo órgano de contratación á adopción do acordo que corresponda...//...”

Visto o escrito presentado por D. Manuel Alonso Hevia, en representación da empresa Tu mayor amigo SL de data 11/10/2016 (RE nº 7038/2016 do 13/10/2016) no que entre outros indica: “...//.... comunicación de NO ACEPTACIÓN de la adjudicación del contrato de referencia...//...”

En todo caso tendo en conta o establecido no artigo 151.2 do TRLCSP, “De non cumplimentarse adecuadamente el requerimiento en el plazo señalado, se entenderá que el licitador **ha retirado su oferta**, procediéndose en ese caso a recabar la misma documentación al licitador siguiente, por el orden en que hayan quedado clasificadas las ofertas”.

Tendo en conta o establecido no acordo plenario de clasificación de ofertas adoptado en data 26/09/2016 no que a única oferta presentada, ademais desta que retira a súa oferta, foi desestimada por exceder o prezo do contrato na súa oferta económica, segundo consta na acta da mesa de contratación celebrada en data 22.09.2016.

Visto que o día 21/10/2016 con nº RE 7328/2016 recíbese escrito de D. Alberto Domínguez Crispin en representación da entidade CLECE SA, prestadora do servizo de axuda a domicilio a persoas dependentes do municipio de Ponte deume dende o 4 de setembro de 2008, no que comunica que o próximo 31 de outubro de 2016 cesará na prestación do servizo de axuda a domicilio a persoas dependentes no Municipio de Ponte deume.



Tendo en conta a situación na que se atopa o concello de Pontedeume por causas alleas a esta administración, pero que abocan a que en menos de cinco días carecerase de medios para poder prestar o servizo de axuda a domicilio a persoas dependentes da que son beneficiarios 38 dependentes, 29 gran dependentes e 9 dependentes severos de Pontedeume.

Á vista do Informe solicitado ao efecto ao departamento de servizos sociais do concello, de data 24/10/2016, no que se acredita a necesidade urxente da prestación dese servizo polas consecuencias que pode deparar a interrupción do mesmo.

Tendo en conta que se carece de medios persoais propios para cubrir a atención requirida na que se encontran 38 persoas dependentes, entre grandes dependentes e dependentes severos do concello de Pontedeume.

Tendo en conta que neste momento da tramitación do procedemento de contratación instruído non existe seguinte licitador admisible de acordo cos criterios que figuran no prego do procedemento de contratación tramitado, segundo o indicado anteriormente, á vista de que a empresa que presenta a oferta máis vantaxosa para a administración manifesta de xeito expreso a súa non aceptación da adxudicación e a oferta clasificada en segundo lugar foi declarada desestimada no acordo plenario de data 26/09/2016.

A vista do anterior, o interese público que debe de ser protexido polas administracións no exercizo das súas competencias e a necesidade de que en modo algún se interrompa este servizo, obrigan a adoptar as medidas oportunas de xeito urxente co fin de non provocar perxuízos de difícil ou imposible reparación a un colectivo vulnerable con necesidades que ante todo deben de ser cubertas, tal e como acredita o informe do servizo de data 24/10/2016.

Vista a oferta económica achegada polas devanditas empresas, logo da apertura pública que tivo lugar na Mesa de contratación celebrada ao efecto o día 22 de setembro de 2016, na que a entidade Tu mayor amigo SL ofrece un prezo unitario por debaixo do tipo de licitación, pero retira a súa oferta de forma expresa e non presenta no prazo de 10 días a documentación requirida segundo o establecido nos artigos 146.1 e 151.2 do RDL 3/2011 do 14 de novembro, e cláusula 14ª do Prego de cláusulas administrativas o que é causa de exclusión. Tendo en conta a maior abundamento, que a empresa clasificada en segundo lugar, Fundación Einsa presenta unha oferta que supera o prezo unitario tipo de licitación polo que é desestimada. Tendo en conta as alegacións presentadas pola Asociación estatal de entidades de servizos de atención a domicilio (ASADE) na que establece que o prezo tipo da presente licitación está por debaixo do prezo do contrato polos costes do convenio colectivo do ramo, o que se evidencia pola escasa concurrencia acadada nun procedemento con publicidade europea ao ser de regulación harmonizada. Nestas circunstancias, a pesar de que o recurso interposto é desestimado polo Tribunal administrativo central de recursos contractuais, é evidente que se está a producir un bloqueo por parte das empresas do sector co fin de provocar a imposibilidade de prestar o servizo nas condicións nas que foi convocado o procedemento que agora resulta deserto, cos graves perxuízos que provoca esta situación neste tipo de usuarios; o que se evidencia en maior medida cando se produce a retirada da oferta da proposición máis ventaxosa para a administración e a comunicación de cese inmediato por parte do licitador que viña prestando o servizo nos últimos oito anos, de xeito case coincidente no tempo. Esta Alcaldía manifestando o seu rexeitamento a este tipo de practicas empresariais que non teñen outro fin, presuntamente, que o de incrementar o prezo do contrato ao que se ve abocada esta administración ante a situación de bloqueo do servizo provocado, evidentemente de xeito deliberado polas empresas prestadoras deste tipo de servizo e que deixan á administración pública nunha situación de indefensión ao carecer de medios propios para prestar directamente o servizo e considerando de maior gravidade o preaviso recibido da entidade CLECE SA cando en menos de dez días cesará a prestación dun servizo que viña prestando nos últimos oito anos, sen manifestar con anterioridade a este pasado día 21 de outubro ningún aviso ou comunicación nin ao servizo, nin a esta Alcaldía que

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

permitira prevér con tempo suficiente as posibles alternativas que se podían acoller co fin de non interrumpir o servizo ante unha situación deste tipo.

Esta alcaldía a pesar da comunicación de cese de servizo recibida o día 21 de outubro, paralelamente ao estudo de outras alternativas previstas na lexislación de contratos, solicitou de forma expresa o pasado día 25 de outubro á entidade CLECE SA que co fin de non xerar esta situación gravísima de interrupción do servizo continuase ata que se puidera concluír o procedemento de contratación que a lei establece nun servizo que supera anualmente os 280.000 euros. Logo desa solicitude mantívose reunión cunha representante da empresa que manifesta que o coste do servizo é máis elevado do que se veu prestando nos últimos oito anos e ao que se ven facturando neste momento, debido fundamentalmente aos costes laborais do persoal afecto ao mesmo por mor do convenio colectivo de aplicación ao sector. Esta concatenación de feitos que lamentablemente avocan a esta administración a ter que adoptar medidas extraordinarias e de suma urxencia, fan que esta Alcaldía teña que propoñer ao órgano de contratación un incremento do prezo unitario do contrato que debe de continuar, co fin de facilitar a concurrencia e permita desbloquear a situación unha vez se volva a tramitar o contrato suxeito a regulación harmonizada que neste momento se ten que declarar deserto, modificando así mesmo a tramitación ordinaria coa que se levou a cabo o procedemento de contratación convocado, pola tramitación urxente do mesmo, co fin de acadar unha adxudicación que permita dispor dunha entidade que preste este servizo no máis breve prazo de tempo.

Considerando a lexislación aplicable ao presente expediente:

1. O Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de Novembro.
2. O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
3. O Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio).
4. A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Visto canto antecede, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Ratificación da urxencia da inclusión do presente asunto na orde do día do Pleno ordinario convocado para o día 27 de outubro do 2016, debido a que a tramitación complexa do procedemento de contratación de referencia e as circunstancias excepcionais surtidas nos últimos días no servizo de axuda a domicilio de dependentes do concello de Ponte deume, que se indican na parte dispositiva do presente acordo, fan que sexa de suma urxencia reiniciar o procedemento de contratación convocado, co fin de adxudicar o mesmo a unha entidade que permita prestar o servizo con regularidade e de acordo cos principios que rexen a contratación pública recollidos na lexislación de contratos pero no menor prazo posible.

SEGUNDO.- Declarar deserta a licitación do procedemento de contratación, suxeito a regulación harmonizada, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o servizo de axuda no fogar de dependencia do concello de Ponte deume conforme ao establecido no artigo 151.3 do TRLCSP.



TERCEIRO. - Reiniciar o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar de dependencia do concello de Pontedeume mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, suxeito a regulación harmonizada, conservando os actos administrativos válidos e que sexan coincidentes na nova licitación coa que neste momento se declara deserta amparado o presente acordo no principio de conservación dos actos administrativos válidos e por económica procedimental, en concreto manteranse como válidos os seguintes:

- Informes do servizo
- Informes xurídicos de procedemento
- Prego de prescipcións técnicas que manterá a redacción aprobada polo Pleno ordinario de data 31.05.2016
- Prego de cláusulas administrativas que manterá a redacción aprobada polo Pleno ordinario de data 31.05.2016, ao que se incorporarán as seguintes modificacións que se aproban por medio do presente acordo:

- Modificación da tramitación ordinaria por tramitación urxente, segundo o antedito, o que fai que se modifique a cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, que quedará redactada do seguinte xeito e á que se lle da aprobación:

"4. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O contrato adxudicarase por procedemento aberto, tramitación urxente, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de conformidade co previsto nos artigos 157 e seguintes do TRLCSP.

Conforme ao establecido no artigo 16 do TRLCSP o presente contrato de servizos está suxeito a unha regulación harmonizada

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, teranse en conta varios criterios de valoración de acordo co previsto no presente prego."

- Modificación do orzamento do contrato en concreto o prezo unitario, valor hora ordinaria e hora extraordinaria, o que fai que o cadro de características do contrato así como a cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas particulares que quedará redactada do seguinte xeito e á que se lle da aprobación:

"3. ORZAMENTO DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN.

O prezo a aboar polo Concello de Pontedeume pola prestación do servizo será como máximo:

De luns a sábados	10,98 € por hora de servizo sen IVE engadido
Domingos e festivos	13,08 € por hora de servizo sen IVE engadido

Nesta contratación enténdese que os contratistas, ao formular a súa proposta económica, inclúen nas mesmas o importe do IVE, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente. O IVE a engadir é do 4 %, resultando o prezo da hora ordinaria en 11,42 euros/hora e o prezo de hora extraordinaria 13,60 euros/hora.

O orzamento do contrato virá determinado polo número de horas efectivamente realizadas en función das necesidades do servizo. O orzamento de licitación do contrato calcúlase en 280.800 €/ano/sen IVE o que se lle engadirá o 4 % de IVE, resultando 292.032 € euros/ano/IVE engadido, segundo os datos facilitados polos servizos sociais.

O prezo ofertado inclúe todos os gastos nos que teña que incorrer a empresa para realizar o servizo, tales como gastos de roupa, material, gastos de transporte, non podendo facturar ningún concepto de forma independente.

Aos efectos de determinar o importe da garantía definitiva, de acordo co establecido no artigo 95.3 do TRLCSP, o orzamento base de licitación do contrato, que resulta de aplicar o prezo unitario por hora, según o informe do servizo municipal de servizos sociais é o seguinte:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

25.000 horas totais anuais das que o 88% son ordinarias, é dicir, 22.000 horas de semana+sábados mañana x 10.98 €/h =241.560,00 € e o 12% son extraordinarias, é dicir, 3.000 horas sábado tarde+ domingo y festivos x 13.08 € h= 39.240,00 €. Polo que o prezo de licitación do contrato con IVA incluído = (251.222,40 € + 40.809.60€) = 292.032 € douscentos noventa e dous mil euros con trinta e dous céntimos de euro.

Os licitadores formularán as súas propostas especificando o prezo ordinario e extraordinario. Entenderase que as ofertas dos licitadores inclúen os tributos que sexan de aplicación de acordo coa lexislación vixente.

TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO CONTRATO.

Tendo en conta os prazos establecidos no RDLxvo 3/2011 de 14 de novembro para a tramitación aínda urxente pero dun procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, non será posible, previsiblemente, formalizar o contrato dentro do exercizo 2016, á vista a duración do contrato xa iniciado o 31 de maio de 2016 e que nestes momentos non se atopa finalizado, de ahí que se acuda á tramitación anticipada do expediente de contratación para o exercizo 2017 e seguintes o que fai que non se estableza crédito previsto para a anualidade de 2016, senón que se incorpore ao expediente, conforme ao establecido na base 47 das bases de execución do orzamento municipal do concello de Ponte deume para 2016, certificado de Intervención de data 25 de outubro de 2016 no que se fai constar que para este tipo de gasto a efectuar existe normalmente crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais, ou ben está previsto crédito adecuado e suficiente no proxecto de orzamentos correspondente ao exercizo no que se debe iniciar a execución do gasto, que neste suposto que nos ocupa será previsiblemente o exercizo 2017, tendo en conta a data na que se adopta o presente acordo.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.-

A efectos da licitación, o valor estimado para toda a duración do contrato, de acordo coas previsións do artigo 88 do Texto refundido da LCSP (importe total, sen incluír o IVE), e incluíndo eventuais prórrogas é de 1.167.635,82 euros distribuído do seguinte xeito (artigos 87, 88 e 302 do TRLCSP):

ANUALIDADE	PRESUPOSTO DE LICITACIÓN (IVE excluído)	I.V.E 4%	IMPORTE con IVE
1º Ano (2017)	280.800 €	11.232 €	292.032 €
2º ano (2018)	280.800 €	11.232€	292.032 €
Posible prórroga (2019)	280.800 €	11.232 €	292.032 €
Posible prórroga (2020)	163.800€	6.552 €	170.352 €

CUARTO. Autorizar o gasto plurianual que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación correspondente do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello e comprometer para os exercizos 2017 e seguintes segundo o detalle que se incorpora o crédito adecuado e suficiente para a financiación do presente servizo tramitando o procedemento de contratación anticipada, segundo o indicado no punto anterior.

QUINTO. Publicar no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado, no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Perfil de contratante municipal o anuncio de licitación, para que durante o prazo de 40 días os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes. O prazo de presentación de propostas empezará a contar dende o día seguinte ao do envío do anuncio ao DOUE, sempre que o anuncio de licitación fose publicado no BOE polo menos con 15 días de antelación ao prazo de finalización para a presentación de ofertas, segundo o establecido no artigo 159 do TRLCSP.



SEXTO. *Publicar os pregos de contratación no Perfil de Contratante a partir da data de publicación do anuncio no Diario Oficial da Unión Europea.*

SETIMO. *Dar traslado ao departamento de servizos sociais do presente acordo co fin de propoñer polo mesmo a adoción das medidas que sexan necesarias, que de xeito excepcional e debido ás circunstancias de necesidade urxente sexan trasladadas á Alcaldía, órgano ao que habilita o Pleno por medio do presente acordo na súa condición de órgano de contratación por razón da contía do servizo, para adoptar as medidas necesarias co fin de que o vindeiro día 1 de novembro de 2016 non se interrompa o servizo de axuda a domicilio a dependentes polos graves perxuízos que neste colectivo que afecta a 38 usuarios pódense xerar.*

Das medias adoptadas pola Alcaldía nestas circunstancias se dará conta ao Pleno da corporación de xeito inmediato tendo en conta o establecido no artigo 21.1 m da Lei 7/1985.

OITAVO.- *Notificar a presente resolución aos interesados e aos departamentos de Intervención e servizos sociais aos efectos oportunos.*

NOVENO.- *Dar conta na vindeira sesión da Comisión informativa permanente de Servizos Sociais, Educación, Deportes, Comercio, Turismo e Cultura e Xuventude, Parques e Xardíns, atendendo ao establecido no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais ao tratarse dun asunto non incluído na orde do día da presente sesión plenaria.*

Pontedeume, 27 de outubro de 2016

*O Alcalde-Presidente
D. Bernardo Fernández Piñeiro”*

Das intervencións realizadas, que modifican a proposta orixinal, sométese a votación a proposta modificada, quedando **DITAMINADO FAVORABLEMENTE por MAIORÍA de 4 votos a favor** dos/as membros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (4): Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Marta Pico Machado e D. Bernardo Fernández Piñeiro e **3 abstencións** do concelleiro e concelleira do PP(2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dña. Ascensión Mª de Vicente Olarte, e da representante do BNG-AA (1): Dña. Ana Veira García, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Ratificación da urxencia da inclusión do presente asunto na orde do día do Pleno ordinario convocado para o día 27 de outubro do 2016, debido a que a tramitación complexa do procedemento de contratación de referencia e as circunstancias excepcionais surtidas nos últimos días no servizo de axuda a domicilio de dependentes do concello de Pontedeume, que se indican na parte dispositiva do presente acordo, fan que sexa de suma urxencia reiniciar o procedemento de contratación convocado, co fin de adxudicar o mesmo a unha entidade que permita prestar o servizo con regularidade e de acordo cos principios que rexen a contratación pública recollidos na lexislación de contratos pero no menor prazo posible.

SEGUNDO.- Declarar deserta a licitación do procedemento de contratación, suxeito a regulación harmonizada, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o servizo de axuda no fogar de dependencia do concello de Pontedeume conforme ao establecido no artigo 151.3 do TRLCSP.

TERCEIRO.- Reiniciar o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar de dependencia do concello de Pontedeume mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, suxeito a regulación harmonizada, conservando os actos administrativos válidos e que sexan coincidentes na nova licitación coa que neste momento se declara deserta amparado o presente acordo no principio de conservación dos actos administrativos válidos e por económica procedimental, en concreto manteranse como válidos os seguintes:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Informes do servizo
- Informes xurídicos de procedemento
- Prego de prescipcións técnicas que manterá a redacción aprobada polo Pleno ordinario de data 31.05.2016
- Prego de cláusulas administrativas que manterá a redacción aprobada polo Pleno ordinario de data 31.05.2016, ao que se incorporarán as seguintes modificacións que se aproban por medio do presente acordo:

- Modificación da tramitación ordinaria por tramitación urxente, segundo o antedito, o que fai que se modifique a cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, que quedará redactada do seguinte xeito e á que se lle da aprobación:

“4. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O contrato adxudicarase por procedemento aberto, tramitación urxente, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de conformidade co previsto nos artigos 157 e seguintes do TRLCSP.

Conforme ao establecido no artigo 16 do TRLCSP o presente contrato de servizos está suxeito a unha regulación armonizada

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis ventaxosa, teranse en conta varios criterios de valoración de acordo co previsto no presente prego.”

- Modificación do orzamento do contrato en concreto o prezo unitario, valor hora ordinaria e hora extraordinaria, o que fai que o cadro de características do contrato así como a cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas particulares que quedará redactada do seguinte xeito e á que se lle da aprobación:

“3. ORZAMENTO DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN.

O prezo a aboar polo Concello de Ponte deume pola prestación do servizo será como máximo:

<i>De luns a sábados</i>	<i>14.00 € por hora de servizo sen IVE engadido</i>
<i>Domingos e festivos</i>	<i>14.50 € por hora de servizo sen IVE engadido</i>

Nesta contratación enténdese que os contratistas, ao formular a súa proposta económica, inclúen nas mesmas o importe do IVE, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente. O IVE a engadir é do 4 %, resultando o prezo da hora ordinaria en 14.56 euros/hora e o prezo de hora extraordinaria 15.08 euros/hora.

O orzamento do contrato virá determinado polo número de horas efectivamente realizadas en función das necesidades do servizo.

O orzamento de licitación do contrato calcúlase en 351.500,00 €/ano/sen IVE o que se lle engadirá o 4 % de IVE, resultando 365.560,00 € euros/ano/IVE engadido, segundo os datos facilitados polos servizos sociais en canto á estimación de horas anuais.



O prezo ofertado inclúe todos os gastos nos que teña que incorrer a empresa para realizar o servizo, tales como gastos de roupa, material, gastos de transporte, non podendo facturar ningún concepto de forma independente.

Aos efectos de determinar o importe da garantía definitiva, de acordo co establecido no artigo 95.3 do TRLCSP, o orzamento base de licitación do contrato, que resulta de aplicar o prezo unitario por hora, según o informe do sevizto municipal de servizos sociais é o seguinte:

25.000 horas totais anuais das que o 88% son ordinarias, é dicir, 22.000 horas de semana + sábados mañana x 14.00 €/h = 308.000.00 € e o 12% son extraordinarias, é dicir, 3.000 horas sábado tarde + domingo y festivos x 14.50 € h= 43.500.00 €, o que fai un total de 351.500,00 euros. Polo que o prezo de licitación do contrato con IVA incluído = (320.320,00 € + 45.240,00 €) = 365.560,00 €.

Os licitadores formularán as súas propostas especificando o prezo ordinario e extraordinario con desglose do IVE que corresponda.

Entenderase que as ofertas dos licitadores inclúen os tributos que sexan de aplicación de acordo coa lexislación vixente.

TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO CONTRATO.

Tendo en conta os prazos establecidos no RDLxvo 3/2011 de 14 de novembro para a tramitación aínda urxente pero dun procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, non será posible, previsiblemente, formalizar o contrato dentro do exercizo 2016, á vista a duración do contrato xa iniciado o 31 de maio de 2016 e que nestes momentos non se atopa finalizado, de ahí que se acuda á tramitación anticipada do expediente de contratación para o exercizo 2017 e seguintes o que fai que non se estableza crédito previsto para a anualidade de 2016, senón que se incorpore ao expediente, conforme ao establecido na base 47 das bases de execución do orzamento municipal do concello de Pontedeume para 2016, certificado de Intervención de data 25 de outubro de 2016 no que se fai constar que para este tipo de gasto a efectuar existe normalmente crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais, ou ben está previsto crédito adecuado e suficiente no proxecto de orzamentos correspondente ao exercizo no que se debe iniciar a execución do gasto, que neste suposto que nos ocupa será previsiblemente o exercizo 2017, tendo en conta a data na que se adopta o presente acordo.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.-

A efectos da licitación, o valor estimado para toda a duración do contrato, de acordo coas previsións do artigo 88 do Texto refundido da LCSP (importe total, sen incluír o IVE), e incluíndo eventuais prórrogas é de 1.462.240,00 euros distribuído do seguinte xeito (artigos 87, 88 e 302 do TRLCSP):

ANUALIDADE	PRESUPOSTO DE LICITACIÓN (IVE excluído)	I.V.E 4%	IMPORTE con IVE
-------------------	--	-----------------	------------------------

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1º Ano (2017)	351.500.00 €	14.060 €	365.560.00 €
2º ano (2018)	351.500.00 €	14.060 €	365.560.00 €
Posible prórroga (2019)	351.500.00 €	14.060 €	365.560.00 €
Posible prórroga (2020)	351.500.00 €	14.060 €	365.560.00 €

CUARTO. Autorizar o gasto plurianual que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación correspondente do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello e comprometer para os exercizos 2017 e seguintes segundo o detalle que se incorpora o crédito adecuado e suficiente para a financiación do presente servizo tramitando o procedemento de contratación anticipada, segundo o indicado no punto anterior.

QUINTO. Publicar no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado, no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Perfil de contratante municipal o anuncio de licitación, para que durante o prazo de 40 días os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes. O prazo de presentación de propostas empezará a contar dende o día seguinte ao do envío do anuncio ao DOUE, sempre que o anuncio de licitación fose publicado no BOE polo menos con 15 días de antelación ao prazo de finalización para a presentación de ofertas, segundo o establecido no artigo 159 do TRLCSP.

SEXTO. Publicar os pregos de contratación no Perfil de Contratante a partir da data de publicación do anuncio no Diario Oficial da Unión Europea.

SETIMO. Dar traslado ao departamento de servizos sociais do presente acordo co fin de propoñer polo mesmo a adoción das medidas que sexan necesarias, que de xeito excepcional e debido ás circunstancias de necesidade urxente sexan trasladadas á Alcaldía, órgano ao que habilita o Pleno por medio do presente acordo na súa condición de órgano de contratación por razón da contía do servizo, para adoptar as medidas necesarias co fin de que o vindeiro día 1 de novembro de 2016 non se interrompa o servizo de axuda a domicilio a dependentes polos graves perxuízos que neste colectivo que afecta a 38 usuarios pódense xerar.

Das medidas adoptadas pola Alcaldía nestas circunstancias se dará conta ao Pleno da corporación de xeito inmediato tendo en conta o establecido no artigo 21.1 m da Lei 7/1985.

OITAVO.- Notificar a presente resolución aos interesados e aos departamentos de Intervención e servizos sociais aos efectos oportunos.

NOVENO.- Dar conta na vindeira sesión da Comisión informativa permanente de Servizos Sociais, Educación, Deportes, Comercio, Turismo e Cultura e Xuventude, Parques e Xardíns, atendendo ao establecido no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais ao tratarse dun asunto non incluído na orde do día da presente sesión plenaria.

A Presidencia abre unha quenda para o debate...//...

Intervén o portavoz do PP, D. Francisco Javier Crespo Romeo, quen anuncia que o sentido do voto do seu grupo vai ser a abstención, pola falla de tempo para o estudo do asunto.

Toma a palabra a portavoz do BNG-AA, Dña. Ana Veira García, quen pregunta se o incremento do prezo se adecúa máis ao convenio, sinalando a falla de información e o baixo prezo de



adxudicación como factores que influirían no bo funcionamento do servizo e para que as traballadoras cobraran conforme a convenio. Considera que sí ten urxencia o asunto, polo que van votar a favor disto, xa que o servizo non se pode interrompir. Considera que esta situación ven provocada pola prestación dun servizo público por parte dunha empresa, o que considera que lles da máis base para defender que os servizos teñen que ser públicos. Anuncia que, para saír do paso, o voto do seu grupo á proposta vai ser a abstención, se ben seguen a pensar que hai outra forma de facer política e de como se teñen que prestar os servizos públicos.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro pide desculpas pola premura do asunto, e indica que se estivo recibindo información “cada media hora”. Agradece o traballo dos técnicos, que lle adicaron moitas horas de traballo para quitar este expediente adiante, tamén aos propios concelleiros/as, que foi unha situación moi complexa polas características cas persoas usuarias...e agradece a boa disposición de todos os grupos.

De seguido, sométese a votación o punto primeiro da proposta de acordo, ratificación da urxencia do asunto, conforme ao seguinte:

“PRIMEIRO. Ratificación da urxencia da inclusión do presente asunto na orde do día do Pleno ordinario convocado para o día 27 de outubro do 2016, debido a que a tramitación complexa do procedemento de contratación de referencia e as circunstancias excepcionais surxidas nos últimos días no servizo de axuda a domicilio de dependentes do concello de Pontedeume, que se indican na parte dispositiva do presente acordo, fan que sexa de suma urxencia reiniciar o procedemento de contratación convocado, co fin de adxudicar o mesmo a unha entidade que permita prestar o servizo con regularidade e de acordo cos principios que rexen a contratación pública recollidos na lexislación de contratos pero no menor prazo posible”

Quedando **RATIFICADA A URXENCIA** e a **INCLUSIÓN** do asunto na Orde do Día da sesión por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes.

De seguido, sométese a votación o resto dos puntos da proposta de acordo inicial, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 7 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín., Dna. Raquel Caruncho Corral., Dna. Marta Pico Machado, D. José Simoes Couceiro., Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Silvia Fornos Permuy, e **6 abstencións** do resto das concelleiras e concelleiros/as do PP (4): D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez; e do BNG (2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, quedando **ADOPTADO o ACORDO seguinte:**

PRIMEIRO.- Declarar deserta a licitación do procedemento de contratación, suxeito a regulación harmonizada, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o servizo de axuda no fogar de dependencia do concello de Pontedeume conforme ao establecido no artigo 151.3 do TRLCSP.

SEGUNDO.- Reiniciar o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar de dependencia do concello de Pontedeume mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, suxeito a regulación harmonizada, conservando os actos administrativos válidos e que sexan coincidentes na nova licitación coa que neste momento se declara deserta amparado o presente acordo no principio de conservación dos actos administrativos válidos e por económica procedimental, en concreto manteranse como válidos os seguintes:

- Informes do servizo
- Informes xurídicos de procedemento
- Prego de prescipcións técnicas que manterá a redacción aprobada polo Pleno ordinario de data 31.05.2016

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-Prego de cláusulas administrativas que manterá a redacción aprobada polo Pleno ordinario de data 31.05.2016, ao que se incorporarán as seguintes modificacións que se aproban por medio do presente acordo:

- Modificación da tramitación ordinaria por tramitación urxente, segundo o antedito, o que fai que se modifique a cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, que quedará redactada do seguinte xeito e á que se lle da aprobación:

“4. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O contrato adxudicarase por procedemento aberto, tramitación urxente, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de conformidade co previsto nos artigos 157 e seguintes do TRLCSP.

Conforme ao establecido no artigo 16 do TRLCSP o presente contrato de servizos está suxeito a unha regulación harmonizada

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis ventaxosa, teranse en conta varios criterios de valoración de acordo co previsto no presente prego.”

- Modificación do orzamento do contrato en concreto o prezo unitario, valor hora ordinaria e hora extraordinaria, o que fai que o cadro de características do contrato así como a cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas particulares que quedará redactada do seguinte xeito e á que se lle da aprobación:

“3. ORZAMENTO DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN.

O prezo a aboar polo Concello de Ponte deume pola prestación do servizo será como máximo:

De luns a sábados	14.00 € por hora de servizo sen IVE engadido
Domingos e festivos	14.50 € por hora de servizo sen IVE engadido

Nesta contratación enténdese que os contratistas, ao formular a súa proposta económica, inclúen nas mesmas o importe do IVE, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente. O IVE a engadir é do 4 %, resultando o prezo da hora ordinaria en 14.56 euros/hora e o prezo de hora extraordinaria 15.08 euros/hora.

O orzamento do contrato virá determinado polo número de horas efectivamente realizadas en función das necesidades do servizo.

O orzamento de licitación do contrato calcúlase en 351.500,00 €/ano/sen IVE o que se lle engadirá o 4 % de IVE, resultando 365.560,00 € euros/ano/IVE engadido, segundo os datos facilitados polos servizos sociais en canto á estimación de horas anuais.

O prezo ofertado inclúe todos os gastos nos que teña que incurrir a empresa para realizar o servizo, tales como gastos de roupa, material, gastos de transporte, non podendo facturar ningún concepto de forma independente.



Aos efectos de determinar o importe da garantía definitiva, de acordo co establecido no artigo 95.3 do TRLCSP, o orzamento base de licitación do contrato, que resulta de aplicar o prezo unitario por hora, según o informe do sevizo municipal de servizos sociais é o seguinte:

25.000 horas totais anuais das que o 88% son ordinarias, é dicir, 22.000 horas de semana + sábados mañana x 14.00 €/h = 308.000.00 € e o 12% son extraordinarias, é dicir, 3.000 horas sábado tarde + domingo y festivos x 14.50 € h= 43.500.00 €, o que fai un total de 351.500,00 euros. Polo que o prezo de licitación do contrato con IVA incluído = (320.320,00 € + 45.240,00 €) = 365.560,00 €.

Os licitadores formularán as súas propostas especificando o prezo ordinario e extraordinario con desglose do IVE que corresponda.

Entenderase que as ofertas dos licitadores inclúen os tributos que sexan de aplicación de acordo coa lexislación vixente.

TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO CONTRATO.

Tendo en conta os prazos establecidos no RDLxvo 3/2011 de 14 de novembro para a tramitación aínda urxente pero dun procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, non será posible, previsiblemente, formalizar o contrato dentro do exercizo 2016, á vista a duración do contrato xa iniciado o 31 de maio de 2016 e que nestes momentos non se atopa finalizado, de ahí que se acuda á tramitación anticipada do expediente de contratación para o exercizo 2017 e seguintes o que fai que non se estableza crédito previsto para a anualidade de 2016, senón que se incorpore ao expediente, conforme ao establecido na base 47 das bases de execución do orzamento municipal do concello de Pontedeume para 2016, certificado de Intervención de data 25 de outubro de 2016 no que se fai constar que para este tipo de gasto a efectuar existe normalmente crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais, ou ben está previsto crédito adecuado e suficiente no proxecto de orzamentos correspondente ao exercizo no que se debe iniciar a execución do gasto, que neste suposto que nos ocupa será previsiblemente o exercizo 2017, tendo en conta a data na que se adopta o presente acordo.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.-

A efectos da licitación, o valor estimado para toda a duración do contrato, de acordo coas previsións do artigo 88 do Texto refundido da LCSP (importe total, sen incluír o IVE), e incluíndo eventuais prórrogas é de 1.462.240,00 euros distribuído do seguinte xeito (artigos 87, 88 e 302 do TRLCSP):

ANUALIDADE	PRESUPOSTO DE LICITACIÓN (IVE excluído)	I.V.E 4%	IMPORTE con IVE
1º Ano (2017)	351.500.00 €	14.060 €	365.560.00 €
2º ano (2018)	351.500.00 €	14.060 €	365.560.00 €
Posible prórroga (2019)	351.500.00 €	14.060 €	365.560.00 €
Posible prórroga (2020)	351.500.00 €	14.060 €	365.560.00 €

TERCEIRO. Autorizar o gasto plurianual que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación correspondente do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello e comprometer para os exercizos 2017 e seguintes segundo o detalle

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

que se incorpora o crédito adecuado e suficiente para a financiación do presente servizo tramitando o procedemento de contratación anticipada, segundo o indicado no punto anterior.

CUARTO. Publicar no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado, no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Perfil de contratante municipal o anuncio de licitación, para que durante o prazo de 40 días os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes. O prazo de presentación de propostas empezará a contar dende o día seguinte ao do envío do anuncio ao DOUE, sempre que o anuncio de licitación fose publicado no BOE polo menos con 15 días de antelación ao prazo de finalización para a presentación de ofertas, segundo o establecido no artigo 159 do TRLCSP.

QUINTO. Publicar os pregos de contratación no Perfil de Contratante a partir da data de publicación do anuncio no Diario Oficial da Unión Europea.

SEXTO. Dar traslado ao departamento de servizos sociais do presente acordo co fin de propoñer polo mesmo a adoción das medidas que sexan necesarias, que de xeito excepcional e debido ás circunstancias de necesidade urxente sexan trasladadas á Alcaldía, órgano ao que habilita o Pleno por medio do presente acordo na súa condición de órgano de contratación por razón da contía do servizo, para adoptar as medidas necesarias co fin de que o vindeiro día 1 de novembro de 2016 non se interrumpa o servizo de axuda a domicilio a dependentes polos graves perxuízos que neste colectivo que afecta a 38 usuarios pódense xerar.

Das medias adoptadas pola Alcaldía nestas circunstancias se dará conta ao Pleno da corporación de xeito inmediato tendo en conta o establecido no artigo 21.1 m da Lei 7/1985.

SÉTIMO.- Notificar a presente resolución aos interesados e aos departamentos de Intervención e servizos sociais aos efectos oportunos.

OITAVO.- Dar conta na vindeira sesión da Comisión informativa permanente de Servizos Sociais, Educación, Deportes, Comercio, Turismo e Cultura e Xuventude, Parques e Xardíns, atendendo ao establecido no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais ao tratarse dun asunto non incluído na orde do día da presente sesión plenaria.

3.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG-ASEMBLEAS DE APOIO ÁS RECLAMACIÓNS DOS TRABALLADORES DO MAR.

D. Xurxo Allegue Freire da lectura á moción, que se transcribe no seu literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto 1311/2007, de 5 de outubro establecía novos criterios para determinar a pensión de xubilación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, dun modelo instaurado nos anos 70 para a Mariña Mercante que se baseaba en aplicar un coeficiente redutor na idade de xubilación en función da zona que navegase o barco. Zonas que viñan reguladas a través dunha Ordenanza de Traballo da mariña Mercante do 20 de maio de 1969.

Este vello modelo, completamente desfasado, tivo que ir modificándose para actualizar os coeficientes redutores aplicábeis á pesca, incluíndose novas actividades que estaban excluídas como o marisqueiro, os percebeiros, bateiros, etc. Este criterio caduco foi substituído por un novo baseado no tipo de buque, sen chegar aínda ao fondo da cuestión: o dereito a reducir a idade mínima de xubilación naquelas actividades profesionais de natureza penosa, tóxica,



perigosa e insalubre nas que se acusen elevados índices de morbilidade ou sinistralidade, así como aquelas que impliquen unha continua separación familiar e alonxamento do fogar.

Aínda así, con esta nova normativa até finais do 2015, a frota galega que faena en augas internacionais (cefalopodeiros, palangreiros, arrastreiros, etc) estaban considerados "conxeladores" polo que se lles aplicaba o coeficiente máximo de 0,40. Isto é, que con 25 anos enrolado un tripulante tería dereito a se xubilarse aos 55 anos.

O pasado ano, o Goberno español (Dirección da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento), a través dunha orde interna, modificou a aplicación destes coeficientes, de xeito que agora unicamente considera buques "conxeladores" aquelas embarcacións que teñan unha eslora de máis de 70 m e capacidade superior ás 1.000 TRB. O resto, dadas as súas menores dimensións, pasan a ser considerados buques "fresqueiros" sen teren en conta nin a actividade, nin a zona de pesca, nin as condicións de vida a bordo, aplicándoseles unha rebaixa no coeficiente de 0,40 ao 0,25-0,35, o que evidencia unha absoluta miopía por parte deste departamento de "secano", pois a nosa frota faena no Índico, Pacífico, Atlántico Sul, Atlántico Norte e Ártico

Esta medida afecta basicamente á Galiza, primeira potencia pesqueira do Estado, e cun tipo de frota que é, "curiosamente", a que resulta penalizada. Con esta medida vense afectados os traballadores da frota palangreira, a frota cefalopodeira e o resto da frota arrastreira que non alcance as novas condicións establecidas por Madrid con independencia de que pesque nas Malvinas, en NAFO ou en calquera outro mar do mundo. Prexudícase así a milleiros de mariñeiros galegos que verían aumentada a súa vida laboral e sufrirían unha grave discriminación a respecto daqueles buques que cumpran as condicións de tamaño: atuneiros e algúns arrastreiros de fondo, que verán como desenvolvendo a mesma actividade, no mesmo caladoiro e en peores condicións de habitabilidade, verán diminuídos os seus dereitos de xubilación polo tamaño do barco. Esta decisión do Goberno español resulta inasumíbel e surrealista para os tempos que corren.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Pontedeume, a adopción do seguinte **ACORDO**

- 1. Manifestar o apoio deste Concello ás tripulacións embarcadas en buques que faenan en augas internacionais, e reclamar do Goberno español e do Ministerio de Fomento a retirada da orde interna da Dirección da Mariña Mercante de modificación dos coeficientes redutores para os conxeladores.**
- 2. Revisar de oficio todas as pensións que se resolveron para impedir a discriminación a respecto dos que historicamente se lle recoñeceu o 0,40. Restituír a legalidade e o sentido común.**
- 3. Solicitar unha revisión profunda do caduco modelo baseado na zona e o tamaño da embarcación para ir a un novo que incentive as condicións reais das actividades profesionais da pesca, recoñecendo aquelas que teñen maior penosidade, perigosidade, sexan insalubres e provoquen sinistralidade e altas morbilidades.**
- 4. Solicitar o cese do Director Xeral da Mariña Mercante por incompetente e por descoñecer a realidade da pesca, ao aplicar criterios discriminatorios que conculcan os dereitos fundamentais dos traballadores galegos. Reprobar á titular do Ministerio de Fomento por consentir esta tropelía e non responder ás demandas levadas a cabo polso sindicatos e a patronal pesqueira dende o 2015.**
- 5. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno español e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congreso dos Deputados."**

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra en primeiro lugar a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, Dña. Ana Veira García, para dicir que, coñecendo a realidade, xa que lle afecta a persoas da vila, esta nova

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

regulamentación deriva en situacións bastante penosas, sobre todo para os da pesca, polo que piden o voto favorable de todos os grupos para esta moción.

De seguido, intervén D. José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSOE, quen indica que, en consonancia coa portavoz do BNG, coñece o tema por familia. Entende que a normativa é unha redución das pensións, moi drástica, que se fixo sen ter consensuado as medidas cos axentes sociais. Anuncia o voto favorable do seu grupo.

Intervén polo PP, Dna. Ascensión M^a de Vicente Olarte. A concelleira di que o sentido do voto do Grupo ao que representa vai ser a abstención xa que considera que o contido do punto catro do acordo non ten sentido, xa que na actualidade existe no Estado un goberno en funcións. Indica que do que se está a falar é de coeficientes redutores, non de pensións. Fai referencia a que en Ponte deume, hai persoas que se adican a esta actividade, polo que non poden dicir que non a unha cousa que lles afecta a todos.

Dna. Ana Veira indica que se pide o cese para chamar á responsabilidade do cargo, non polas persoas que o ocupan. Considera que hai que facer as cousas doutra maneira.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 9 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín., Dna. Raquel Caruncho Corral., Dna. Marta Pico Machado, D. José Simoes Couceiro., Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Silvia Fornos Permuy; e do BNG (2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, e **3 abstencións** das concelleiras e concelleiros do PP: D. Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez; quedando **ADOPTADO o ACORDO seguinte:**

1. **Manifestar o apoio deste Concello ás tripulacións embarcadas en buques que faenan en augas internacionais, e reclamar do Goberno español e do Ministerio de Fomento a retirada da orde interna da Dirección da Mariña Mercante de modificación dos coeficientes redutores para os conxeladores.**
2. **Revisar de oficio todas as pensións que se resolveron para impedir a discriminación a respecto dos que historicamente se lle recoñeceu o 0,40. Restituír a legalidade e o sentido común.**
3. **Solicitar unha revisión profunda do caduco modelo baseado na zona e o tamaño da embarcación para ir a un novo que incentive as condicións reais das actividades profesionais da pesca, recoñecendo aquelas que teñen maior penosidade, perigosidade, sexan insalubres e provoquen sinistralidade e altas morbilidades.**
4. **Solicitar o cese do Director Xeral da Mariña Mercante por incompetente e por descoñecer a realidade da pesca, ao aplicar criterios discriminatorios que conculcan os dereitos fundamentais dos traballadores galegos. Reprobar á titular do Ministerio de Fomento por consentir esta tropelía e non responder ás demandas levadas a cabo polso sindicatos e a patronal pesqueira dende o 2015.**
5. **Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno español e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e Congreso dos Deputados**

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS DE OPOSICIÓN Á LOMCE E ÁS SÚAS REVÁLIDAS.



A portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, Dña. Ana Veira fai referencia ás mobilizacións do día de onte, de oposición á LOMCE, e da lectura á moción, que se transcribe no seu literal:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aplicación da LOMCE consagra cuestións totalmente negativas para o sistema educativo pro se fondamente centralizadora, clasista e sexista, mercantilizar a educación e afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Compre lembrar que a súa elaboración foi sen diálogo social e sen participación da comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política. Ademais, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español e veta o dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico.

Para alén doutras consideracións, a inclusión a proba xeral en 3ª e 6º de Primaria e as reválidas en 4º da ESO e en bacharelato, que son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondentes, pretenden pór as maiores trabas posibles para a continuación dos estudos. Obedecen, pois, a unha concepción clasista e elitista da educación e contribúen a excluír o alumnado máis desfavorecido do dereito á educación nun contexto no que xa as progresivas privatización e recortes do sistema público de ensino limitan os recursos para facer real o principio de igualdade de oportunidades.

Ademais, a nivel pedagóxico as reválidas supoñen unha presión engadida para o alumnado, forzándoo a ser avaliado baixo estándares uniformizados sen ter en conta a educación como proceso e contexto social, económico e persoal do alumnado así como as súas capacidades e actitudes. Tamén compre sinalar como as probas avalían só determinadas áreas de coñecemento, tendo nunha menor consideración outras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico e musical. Ademais, o modelo centralista fai que sexa o ministerio de Educación quen fixe os criterios, limitando os contidos específicos do marco galego que son imprescindibles para a formación do alumnado no seu contexto.

Así mesmo, condicionan a labor docente ao encamiñala á preparación das probas e cuestionan a avaliación continua e a opinión do equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.

Por todo isto, a lei ten unha clara pretensión de camiñar cara un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que excluírá os sectores máis desfavorecidos da educación e asentará unha estrutura curricular ao servizo do capitalismo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- ***Instar á Xunta de Galiza á eliminación das reválidas, conscientes das nefastas e lesivas consecuencias que supoñen as reválidas, pro seren un obstáculo para facer efectivo o dereito á educación universal, pública, galega, laica, coeducativa e gratuíta.***
- ***A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do Estado a derogación da LOMCE.***
- ***Instar á Xunta a defender as nosas competencias en materia de ensino para fortalecer un ensino público, galego e de calidade que potencie a diversidade lingüística e fomenta a lingua do noso país. "***

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dña. Ana Veira, indicando que o que se recolle na moción é unha proposta que se fai a nivel nacional, que podería recoller máis puntos. Considera que hai unha resposta negativa á LOMCE no sector (asociacións pais/nais, profesorado, alumnado...) que se reflexa no seguimento da folga, que se estima en preto do 90%. Fai unha exposición do que considera negativo da lei educativa: falta de democracia, implantación das reválidas, que impedirán a consecución dun título, aínda tendo as materias aprobadas... Refírese á diferente implantación da LOMCE nas distintas comunidades autónomas... e pide, por coherencia, que se paren as

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

reválidas e que se abra un diálogo social. Apunta a que todos os partidos agás o PP están en contra da LOMCE.

Toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte. A portavoz do PP indica que son partidarios dun consenso a nivel estatal, e que polo tanto considera que os termos universal e galega non son sinónimos, producíndose un debate ao respecto, no que a concelleira do BNG-AA, define, a nivel didáctico os conceptos: universal (para todo o mundo) e galega (no ámbito das competencias). A Sra. De Vicente Olarte di que non lle parece correcto o termo "galega", falando de educación nacional. Di que neste curso académico non terán efecto as reválidas para o acceso ao bacharelato; que é froito do diálogo e o consenso e que, á espera de que se publique a normativa estatal, a Xunta xa está a traballar para ver como se implanta en Galicia e que, sobre a avaliación final da ESO, ten solicitado ao Estado que non teña efecto académico neste curso.

Intervén a portavoz do BNG, indicando que a LOMCE non é só para este ano. Considera que as medidas que indicou a portavoz do PP son transitorias, por non ter tempo para o desenvolvemento da lei...

Toma a palabra o portavoz do PSOE, D. José Simoes Couceiro, que da lectura a un párrafo do texto dunha moción presentada polo seu grupo no Senado, que indica, moi parecida a esta.

Intervén Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira delegada de Servizos Sociais, Educación e Deportes, cun argumentario contrario á LOMCE.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte indica que o seu argumentario vai no sentido de que "non é o momento" e que se negociará cos distintos grupos políticos.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 9 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín., Dna. Raquel Caruncho Corral., Dna. Marta Pico Machado, D. José Simoes Couceiro., Dna. Yolanda Vázquez Busto e Dna. Silvia Fornos Permuy; e do BNG (2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, e **3 abstencións** das concelleiras e concelleiros do PP: D. Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez; quedando **ADOPTADO o ACORDO seguinte:**

